



Ante a situación actual, e seguindo a instrucións polas que se incorporan as actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas no D.O.G nº 174 do 28-08-2020, e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, informámosvos das **normas a seguir durante este curso escolar para o desenvolvemento do protocolo de comedor**, establecendo así unhas pautas a seguir para garantir a maior protección no centro escolar.

Seguindo o establecido no apartado 14 do citado Portocolo as medidas a seguir son as seguintes:

1. Haberá unha distancia de 1,5 m, sempre e cando se son grupos colaborativo non terán que gardar esa distancia.
2. Ao entrar e saír do comedor o alumnado terá a obriga de utilizar xel hidroalcohólico que estará na entrada co comedor (tanto na porta principal como lateral).
3. Haberá unha papeleira específica para desbotar os panos de papel, que serán de uso obrigatorio que será baleirada diariamente.
4. Aumentarase o número de quendas a 3 grupos:
  - **Educación Infantil \_\_ 14:20 a 14:55 (10 min de limpeza intermedia)**
  - **1º, 2º e 3º E.P. \_\_\_\_\_ 15:05 a 15:35 (10 min de limpeza intermedia)**
  - **4º, 5º e 6º de E.P. \_\_\_\_ 15: 45 a 16:15 (10 min de limpeza intermedia)**
5. Para o acceso ao comedor, evitando aglomeracións e para que os grupos estables de convivencia non se mesturen, o acceso ao comedor farase nun circuíto de tal xeito que:
  - O **alumnado de Infantil entrará por grupos separados** (previo lavado de mans) directamente dende as súas aulas acompañadas polas coidadoras. Accederán ao comedor pola porta principal do mesmo (a que está fronte da Biblioteca). Unha vez remate a súa quenda saíran polo mesmo sitio para dirixirse ao patio.
  - O seguinte **grupo, 1º, 2º e 3º de primaria** accederá ao comedor pola porta lateral do edificio. Conseguido deste xeito non cruzarse co alumnado que sae de Educación Infantil. Despois, ese segundo grupo sairá pola porta principal pasando polo corredor de dentro, para acceder ao patio exterior.
  - O **terceiro grupo 4º,5º e 6º de primaria** accederá ao comedor pola porta lateral para non mesturarse con segundo grupo que sae pola porta principal.

Ao remate do **terceiro grupo** saíran todos os grupos ao patio respectando os grupos xa establecidos ata o remate da xornada lectiva.
6. As mochilas de Educación Infantil, cando rematen as clases, estarán colocadas en 4 grupos diferenciados no banco do patio cuberto de E.I, e soamente o alumnado propietario do seu material poderá manipulalo. As mochilas de E.P estarán colocadas no almacén de fora (fronte ao patio de E.I) tamén por grupos. Cada alumno tan só manipulará o seu material.

7. Saídas do centro:

Faranse por quendas establecendo o seguinte horario:

- Educación Infantil sairá ás **16:20** en grupos de menor a maior idade respectando a distancia de seguridade. Sairán polo corredor interior do centro ata o portalín pequeno.
  - 1º, 2º, e 3º de E.P saíran **ás 16:25** por orde ascendente pola parte do corredor exterior do centro (pegados á parede) dende os patios para evitar contactos e respectando as filas e separación entre grupos. Sairán polo portalón grande.
  - 4º, 5º e 6º E.P. saíran ás **16:30** do mesmo xeito que o grupo anterior cumprindo as mesmas normas tamén polo portalón grande.
  - O alumnado transportado será entregado ao persoal coidador do servizo de transporte co seu grupo estable de idade.
8. As familias agardarán nas horas especificadas, intentando por favor na medida do posible, respectar as horas de saída para evitar aglomeracións fora do centro escolar.
9. **O horario de saída ás 15:30 quedará aprazado este curso por mor do Covid, supeditado a casos de emerxencias familiares.** Ao non poder agruparse alumnos de distintos grupos, non se poderá asegurar a distancia nin as condicións necesarias para garantir a seguridade. No caso de que algún alumno/a tivera que saír a unha hora distinta durante o período de comedor, notificarase **sempre** vía correo electrónico ou telefónico **(este curso escolar non se poden mandar notas en papel de avisos de comedor)**. Lembramos que tan só poderá recoller ao alumnado 1 adulto por familia agradando na entrada principal pero sen acceder ao centro.

Moitas grazas pola comprensión e colaboración para que este curso escolar poida desenvolverse dende as maiores garantías de hixiene e seguridade.

A Dirección do centro.